

# RESUMO DE VALORACIÓNS

Procedemento de contratación

EXPTE: 1800/2024

## CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ARQUITECTURA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO "PEONIZACIÓN DA PRAZA DA FAROLA" (PLAN + PROVINCIA 2024-LIÑA 4)

Informe técnico de Avaliación de criterios mediante xuízo de valor (40 puntos).

Autor: Daniel Órrea Corral – Arquitecto Técnico Municipal do Concello da Estrada

### RESUMO DE VALORACIÓN DOS CRITERIOS SUBXETIVOS

LICITADOR	PUNTUACIÓN OBTIDA
AM 2 ARQUITECTOS	13
ÁNGEL JAIME SANTORIO CUARTERO	27
GALAICONTROL	36



## AM 2 ARQUITECTOS

Procedemento de contratación

EXPTE: 1800/2024

### CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ARQUITECTURA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO "PEONIZACIÓN DA PRAZA DA FAROLA" (PLAN + PROVINCIA 2024-LIÑA 4)

Informe técnico de Avaliación de criterios mediante xuízo de valor (40 puntos).

Autor: Daniel Órrea Corral – Arquitecto Técnico Municipal do Concello da Estrada

LICITADOR:

AM2 ARQUITECTOS

CRITERIO	COMENTARIOS Á OFERTA E XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN	PUNTUACIÓN
<b>1. MEMORIA TÉCNICA</b>		
<p>1) Proposta de deseño do ámbito tendo en conta os condicionantes vinculados ao obxecto do contrato, con incidencia nas actuacións de Humanización da Praza da Farola que afecten ao seu desenvolvemento. Ata un máximo de 30 puntos.</p>	<p>* O deseño presta especial atención ó uso da praza e ás necesidades das persoas con diversidade funcional ou sensorial, favorecendo a Accesibilidade Universal, ó tempo que incrementa o espazo peonil no ámbito de actuación cando menos nun 50% con respecto ao existente na actualidade, gañando, cando menos para o peón, unha superficie de 300m<sup>2</sup>. <i>(A proposta non xustifica expresamente o cumprimento deste condicionante, se ben se intúe que pode acadar o seu cumprimento).</i> *</p> <p>O deseño dalle solución ao tráfico rodado. Naqueles puntos nos que se compatibiliza o tráfico rodado co tráfico peonil, integra estratexias de calmado de tráfico. Resolve a circulación nas Rúas Pérez Viondi, 56, San Paio, Peregrina, Travesía da Igrexa, Marqués de la Vega de Armijo e Don Nicolás. <i>(A principal característica da proposta en canto á solución do tráfico e a dotación da Rúa 56 de dobre sentido de circulación. Dende o punto de vista técnico, esta solución, en lugar de reducir a intensidade do tráfico existente nesta zona, suporá un aumento do mesmo creando un cómodo corredor de dobre sentido de circulación que comunicará a Avda. Benito Vigo (N-640) coa PO-841. Neste sentido, e en aras ó desenvolvemento de futuras fases de peonización do centro da vila, non se pode valorar positivamente a proposta xa que suporía o seccionamento da mesma.)</i></p> <p>* Recolle e resolve as zonas de parada de taxi, zona de carga e descarga, puntos de recollida de RSU e 2 prazas de aparcadoiro adaptado. <i>(Propónse a ubicación das paradas de taxi e das prazas de aparcadoiro adaptado no inicio da Rúa San Paio quedando moi condicionadas para as manobras de acceso e saída, á vista do deseño do ámbito. A instalación dos colectores de RSU lévase á Rúa Marqués de la Vega de Armijo que será o principal vial de acceso á Igrexa e á Rúa San Antón. Non se resolve, salvo erro, a zona de carga e descarga.</i></p> <p>* Mantén a actual farola no entorno e integra no deseño outros elementos precisos no espazo público como arboredo, fontes, iluminación, mobiliario urbano, etc, a criterio do técnico redactor, respectando sempre un deseño que permita a realización na praza de eventos diversos como verbenas, concertos ou outro tipo de espectáculos. <i>(A proposta sacrifica a zona de máximas dimensións da praza cunha "zona estancial" cuxo deseño impedirá ou condicionará en gran medida a realización de eventos diversos como verbenas, concertos e outro tipo de espectáculos. Non se pode valorar positivamente a solución a este condicionante.</i></p> <p>* O deseño respecta a tipoloxía das anteriores actuacións de peatonización xa realizadas de xeito que se consiga unha imaxe integradora e de conxunto para a totalidade das actuacións. <i>Non se aporta unha xustificación expresa que dea solución a este condicionante máis alá do emprego do granito para a pavimentación.</i></p>	10
<p>2) Proposta dos procedementos de traballo e de xestión documental para a elaboración do proxecto, incluíndo a planificación e organización dos mesmos en relación aos medios necesarios para a execución do contrato. Ata un máximo de 10 puntos.</p>	<p>Neste apartado, o licitador presenta unha relación dos traballos a realizar e inclúe unha redución de prazo, cuestión que non se pide neste apartado e que será puntuada como un criterio avaliable mediante fórmulas. Na literatura do apartado faise referencia a un diagrama de Gantt que salvo erro non se atopa na memoria.</p>	3
<p>Nota: A puntuación asígnase tendo en conta as seguintes circunstancias: O bo coñecemento da problemática a resolver e dos condicionantes externos, a xustificación da metodoloxía indicada para a execución dos traballos e a precisión na identificación dos principais procesos e condicionantes.</p>		
<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>		<b>13</b>

Cod. Validación: LW4WSZETTEKPNCH62QLNTO6D  
 Corrección: https://eestrada.sedelectronica.gal/  
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4



# ÁNGEL JAIME SANTORIO CUARTERO

Procedemento de contratación

EXPTE: 1800/2024

## CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ARQUITECTURA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO "PEONIZACIÓN DA PRAZA DA FAROLA" (PLAN + PROVINCIA 2024-LIÑA 4)

Informe técnico de Avaliación de criterios mediante xuízo de valor (40 puntos).

Autor: Daniel Órrea Corral – Arquitecto Técnico Municipal do Concello da Estrada

LICITADOR:

ÁNGEL JAIME SANTORIO CUARTERO

CRITERIO	COMENTARIOS Á OFERTA E XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN	PUNTUACIÓN
<b>1. MEMORIA TÉCNICA</b>		
1) Proposta de deseño do ámbito tendo en conta os condicionantes vinculados ao obxecto do contrato, con incidencia nas actuacións de Humanización da Praza da Farola que afecten ao seu desenvolvemento. Ata un máximo de 30 puntos.	<p>* O deseño presta especial atención ó uso da praza e ás necesidades das persoas con diversidade funcional ou sensorial, favorecendo a Accesibilidade Universal, ó tempo que incrementa o espazo peonil no ámbito de actuación cando menos nun 50% con respecto ao existente na actualidade, gañando, cando menos para o peón, unha superficie de 300m2. <i>(xustifícase)</i>.</p> <p>* O deseño dalle solución ao tráfico rodado. Naqueles puntos nos que se compatibiliza o tráfico rodado co tráfico peonil, integra estratexias de calmado de tráfico. Resolve a circulación nas Rúas Pérez Viondi, 56, San Paio, Peregrina, Travesía da Igrexa, Marqués de la Vega de Armijo e Don Nicolás. <i>(En relación co tráfico, a proposta consiste na eliminación da rotonda existente en torno á actual farola para encaixala, cunhas menores dimensións, no espazo existente entre na intersección da Rúa 56 e San Paio. En relación co calmado de tráfico, menciónase a intención anque non se aporta unha solución detallada)</i>.</p> <p>* Recolle e resolve as zonas de parada de taxi, zona de carga e descarga, puntos de recollida de RSU e 2 prazas de aparcadoiro adaptado. <i>(Mantense a actual ubicación das paradas de taxi que se servirán da nova rotonda proxectada, facilitando así a circulación deste servizo. As prazas de aparcadoiro adaptado e a zona de carga e descarga lévase á Rúa Marqués de la Vega de Armijo, xustificando que a nova na nova ubicación pasarán "o máis discretas posibles" . Non se definen, salvo erro, os puntos de recollida de RSU)</i>.</p> <p>* Mantén a actual farola no entorno e integra no deseño outros elementos precisos no espazo público como arboredo, fontes, iluminación, mobiliario urbano, etc, a criterio do técnico redactor, respectando sempre un deseño que permita a realización na praza de eventos diversos como verbenas, concertos ou outro tipo de espectáculos. <i>(A proposta xera un espazo central continuo e adxacente ó eixe da Rúa Calvo Sotelo que permite a realización na praza de eventos diversos como verbenas, concertos ou outro tipo de espectáculos. Trásládase a actual farola ó eixe da nova rotonda creada na intersección da Rúa 56 con Rua San Paio e intégranse no deseño diversos elementos precisos no espazo público como arboredo, iluminación, mobiliario urbano, etc. Valórase positivamente a simplificación e dimensións do espazo peonil obtido)</i>.</p> <p>* O deseño respecta a tipoloxía das anteriores actuacións de peatonización xa realizadas de xeito que se consiga unha imaxe integradora e de conxunto para a totalidade das actuacións. <i>Non se aporta unha xustificación expresa de dea solución a este condicionante máis alá do emprego do granito para a pavimentación)</i>.</p>	
2) Proposta dos procedementos de traballo e de xestión documental para a elaboración do proxecto, incluíndo a planificación e organización dos mesmos en relación aos medios necesarios para a execución do contrato. Ata un máximo de 10 puntos.	<p>Presenta, máis que unha programación dos traballos, unha relación ordenada dos mesmos, da que se intúe unha oferta de redución de prazo que non é o obxecto deste apartado, xa que se valorará nos criterios avaliábeis mediante fórmulas.</p>	24
Nota: A puntuación asignouse tendo en conta as seguintes circunstancias: O bo coñecemento da problemática a resolver e dos condicionantes externos, a xustificación da metodoloxía indicada para a execución dos traballos e a precisión na identificación dos principais procesos e condicionantes.		3
<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>		<b>27</b>



# GALAICONTROL

Procedemento de contratación

EXPTE: 1800/2024

## CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ARQUITECTURA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO "PEONIZACIÓN DA PRAZA DA FAROLA" (PLAN + PROVINCIA 2024-LIÑA 4)

Informe técnico de Avaliación de criterios mediante xuízo de valor (40 puntos).

Autor: Daniel Órrea Corral – Arquitecto Técnico Municipal do Concello da Estrada

LICITADOR:

GALAICONTROL

CRITERIO	COMENTARIOS Á OFERTA E XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN	PUNTUACIÓN
<b>1. MEMORIA TÉCNICA</b>		
<p>1) Proposta de deseño do ámbito tendo en conta os condicionantes vinculados ao obxecto do contrato, con incidencia nas actuacións de Humanización da Praza da Farola que afecten ao seu desenvolvemento. Ata un máximo de 30 puntos.</p>	<p>* O deseño presta especial atención ó uso da praza e ás necesidades das persoas con diversidade funcional ou sensorial, favorecendo a Accesibilidade Universal, ó tempo que incrementa o espazo peonil no ámbito de actuación cando menos nun 50% con respecto ao existente na actualidade, gañando, cando menos para o peón, unha superficie de 300m2. <i>(xustificase).</i></p> <p>* O deseño dalle solución ao tráfico rodado. Naqueles puntos nos que se compatibiliza o tráfico rodado co tráfico peonil, integra estratexias de calmado de tráfico. Resolve a circulación nas Rúas Pérez Viondi, 56, San Paio, Peregrina, Travesía da Igrexa, Marqués de la Vega de Armijo e Don Nicolás. <i>(En canto a o tráfico, a proposta elimina a actual rotonda, permitindo a circulación dende Pérez Viondi cara a Rúa San Paio e dende a Rúa 56 cara a Pérez Viondi, permitindo dende esta dirección o xiro cara a San Paio. Realízanse propostas de calmado de tráfico coa axuda de bandas de material e cor diferente na zona de rodadura, con mobiliario e xardinería. A proposta describe as solucións ao tráfico en cada zona, de xeito pormenorizado.</i></p> <p>* Recolle e resolve as zonas de parada de taxi, zona de carga e descarga, puntos de recollida de RSU e 2 prazas de aparcadoiro adaptado. <i>(Mantense a actual ubicación das paradas de taxi. As prazas de aparcadoiro adaptado lévanse a continuación da parada de taxi . En relación cos colectores de RSU propónse mantelos na mesma ubicación, mellorando o impacto visual confinándoos entre xardineiras de chapa con bordillo alto en cor gris.</i></p> <p>* Mantén a actual farola no entorno e integra no deseño outros elementos precisos no espazo público como arboredo, fontes, iluminación, mobiliario urbano, etc, a criterio do técnico redactor, respectando sempre un deseño que permita a realización na praza de eventos diversos como verbenas, concertos ou outro tipo de espectáculos. <i>(A proposta xera unha gran praza pública en substitución da actual rotonda. Este espazo permite a realización de eventos diversos como verbenas, concertos ou outro tipo de espectáculos. Suxírense varias ubicacións que integrarían a actual farola no deseño, xunto co deseño de outros elementos precisos no espazo público como arboredo, unha fonte, iluminación, mobiliario urbano, etc. Valórase positivamente a proposta.</i></p> <p>* O deseño respecta a tipoloxía das anteriores actuacións de peatonización xa realizadas de xeito que se consiga unha imaxe integradora e de conxunto para a totalidade das actuacións. <i>Non se aporta unha xustificación expresa que dea solución a este condicionante máis alá do emprego do granito para a pavimentación.</i></p>	26
<p>2) Proposta dos procedementos de traballo e de xestión documental para a elaboración do proxecto, incluíndo a planificación e organización dos mesmos en relación aos medios necesarios para a execución do contrato. Ata un máximo de 10 puntos.</p>	<p>Presenta unha programación dos traballos correcta en relación aos medios necesarios para a execución do contrato. Mellora as ofertas dos outros licitadores acompañando un diagrama de Gantt coa totalidade das tarefas a realizar, axustado ó prazo de execución.</p>	10
<p>Nota: A puntuación asígnase tendo en conta as seguintes circunstancias: O bo coñecemento da problemática a resolver e dos condicionantes externos, a xustificación da metodoloxía indicada para a execución dos traballos e a precisión na identificación dos principais procesos e condicionantes.</p>		
<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>		<b>36</b>

Cod. Validación: LW4WSZETTEKPKZNCNH6ZQLNTO6D  
 Corrección: https://eestrada.sedelectronica.gal/  
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4

